


SAN CRISTOBO:

*Nel corazón da Bovia,
nel corazón.*



A Serra da Bovia é a parte máis montuna das terras d'Entrambasaguas pero al tempo, pral alto que ta, nun queda mui llonxe da Marina. Polos sous camiós y carreiros ainda se pode atopar a memoria del pasao engalando nun refolón d'aire, presa nel runfido d'úa abeya ou embeleñada entre as foyas das bidureiras. Y nel sen da Bovia, esquecidos pral viaxeiro, guárdanse tesouros como San Cristobo, anque del ouro namáis teña el sol qu'ás veces relluma nos llouxaos.

↓ Xosé Miguel Suárez Fernández

Quedaron atrás Rozadas y El Gumio, y subimos camín da Bovia. El paisaxe xa é montuno y as campeiras y as uces van acantuando nos valligatos os poucos árboles que resisten. A carretera sube y baxa pol cordal y atravesa El Campo de San Fernando, qu'aguarda balleiro y callao a próxima feria. Respírase outro aire.

Deixamos el asfalto y buscamos San Cristobo. Úa parexa de coches aparcaos al empezo da pista anúncianos qu'el camín nun é al xeito pero tamén qu'el llugar nun ta tan esquecido como nos dicían. Úa cancella pra tornar el gao ceibe corta a baxada y obríganos a baxarnos del auto se queremos chegar embaxo. Úa volta del camín, y xa temos delante el peteiro de casas qu'amañan San Cristobo. Muias tán cayendo, chías de bardios, balleiras, pechadas. Outras ábrense a os fines de semana y nel brao, condo el tempo axuda a fer máis llevadeira a vida na serra. É xente que volve buscando daqué que buscaban os que marcharon espatriaos pra México, pra Barcelona, pr'Avilés: úa miyor calidá de vida.

Na entrada de riba de San Cristobo, nun chao á dereta, tán as airas pra mayar el trigo y el centén, aquel pan que tanta fame quitóu y que tantas entresecas trouxo condo faltóu. As casas tein cadasúa aira, todas a distintas alturas, ben igualadíás y chas, anque agora as herbas saliron entre as llastras que las soya-

ban y costa caro figurarse cómo tarían el víspora da mayega, llimpas y ben rapadíás, pra recibir os colmos –qu'aquí chaman *maollos*– y os golpes acompasaos dos mayos.

Agora namáis se sinte el aire y, quizabes, as chocas del gao. Se nos achegamos á capiyía del llugar, imos a poder escuitar el ruido del Río da Bovia, alló embaxo, entre os carbayos, perdéndose col sou rumor de siglos entre as penas, máis embaxo ainda, camín de Moureye. Nel que noutro tempo debéu ser campeira rañada polas cabras agora nacen por undequera xestas y toxos. Úa parede rematada nas cuatro esquinas con úa pedra que recorda el pé d'un hurro aveira el descanso dos últimos que s'enterraron nel cementerín de San Cristobo. Cónta xente que marchóu hai anos cua súa maleta pensaría acabar aquí y –¡voltas que dá a vida!– agora os sous restos repou-san nel cementerio de dalgúa ciudá a miles de quilómetros d'este llugar.

Condo col inverno os soutos y carbayeiras dos alrededores perden as foyas y as lladeiras dos montes quedan cardosas, as veiras das caleyas de San Cristobo alégranse col verdor d'un feixe d'árboles qu'aquí chaman *lorbagueiras* (*Prunus laurocerasus*). Estos árboles exóticos tridos da mao de dalgún americano, que nun tempo foron seña de modernidá y prosperidá y que fixeron rellamberse a nenos y grandes cua dulzura das súas llobagas –frutas aparecidas



XOSÉ MIGUEL SUÁREZ

Un "borro" cúa feitura típica del occidente asturiano

ás cereixas—, son agora recordo perenne da emigración, d'un tempo de prosperidá pra us poucos y de desarraigo y miseria pra muitos máis.

Frente por frente, estrémase nel horizonte el espiazo adomao da Bovia, chen de roveses, d'antenas, de pistas forestales, cuas marcas das repoblacións alló lonxe, al xeito d'un escarpidor pasao polas súas uces embeleñadas. D'aquí a pouco todo el cordal —sempre barrido pol nordés, pol vendaval, pol camburio— vaise volver "parque eólico", vai tar einda máis adomao, con molíos metálicos, con máis pistas, con torres d'alta tensión y tendidos eléctricos pra levar electricidá y beneficios a centos ou miles de kilómetros.

Namáis úa familia de Valencia vive todo el ano núa das casas del fondo del llugar. Perguntámosyes, pero pouco máis saben qu'el nome dos poblos que se ven dende allí. A cadía d'eso que chaman col rimbombante nome de "tresmisión da cultura secular", os nomes

das cousas, dos sitios, dos picos, dos regueiros..., rompéuse quizabes pra sempre.

Un home baxa con úas vacas pola caleya. Nacéu en San Cristobo pero vive en Morlongo, us kilómetros máis al sur. Fálanos del abandono de todo, das terras y dos praos sin cuidar, asuntos comúis de conversación nestos anos de morte del xeito de vida —duro y ingrato xeito de vida— dos llabradores. Con ella morre tamén un ecosistema, un paisaxe tradicional. Al cabo, con un faraguyo d'alivio, escuitamos da súa boca os nomes das casas, *d'Ana, d'Uvide, de Xanón, del Pirucho, del Neto, del Bravo, de Sampedro, de Xancolás...*, dos lugares, *A Bovia, A Cabana, El Picón, El Busquete, Moureye, A Sela...*, dos picos, *El Filso, El Pico el Solmo, El Pico el Eiro, A Escomulgada, A Pena Aguda...* Calenta el sol da tardía y, como se fora un esconxuro, al pronunciar esos nomes, por un bocadín, San Cristobo pinta remocicar, volver á vida. 



A Casa de Xancolás, na entrada de San Cristobo